



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA NOVE DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

Expte: 2023/G007/000008

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e trinta minutos, do día nove de marzo de dous mil vinte e tres, reúnense en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 113 de data 09 de marzo/2023 e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez e don Alejandro Antonio García Sousa. Non asiste e excusa a súa asistencia dona Jessica Sabín Fernández. Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, ésta celebrase co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria e inclúese un asunto Fóra da Orde do Día.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DE ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 02.03.23 (ORDINARIA) .-

O sr. alcalde pregúntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 02.03.23 queda aprobada sen nengunha obxección pola Xunta de Goberno Local (en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á mesma).

2º.-SOLICITUDE DE PASO PERMANENTE DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS: ACCESO A FINCAS E GARAXES PRIVADOS SOLICITADA POR DON ██████████ .-

Expte.- 2023/V008/000001

Proposta de Alcaldía:

“Visto o escrito de data 01.03.23, presentado por don ██████████ de petición de autorización de paso permanente, á finca/inmóbel da súa propiedade, ubicada na rúa ██████████ parroquia e termo municipal de Valdoviño, para acceso a fincas e garaxes privados a través das beirarrúas.

Considerando o informe do Oficial da Policía Local, de data 06 de marzo de 2023, no que se sinala que practicadas as correspondentes comprobacións, que dito inmovible ten acceso rodado cara o interior do mesmo, dende o vial de titularidade municipal que se denomina rúa Atios, e que se identifica no inventario de viais co número de activo 1C.6.0130; que o espacio de reserva de via pública para paso permanente de acceso á finca será de catro metros e conclúe o seu informe indicando que referente a normas de tráfico, non se aprecia impedimento á concesión da autorización solicitada.
/Acompañase ao dito informe dúas fotografías e plano de situación/.

Considerando a Ordenanza Municipal Reguladora de Vehículos deste Concello, nos seus puntos:

- 54.1.c) : Tipo de vado permanente - Garajes destinados a vivienda unifamiliar.-
- 55 Señalización:- 1.- *Las entradas y salidas de vehículos que se autoricen se señalarán y delimitarán simultáneamente con dos tipos de señales:*

*A) Vertical: placa de prohibición de estacionamiento ajustado al modelo oficial, que será facilitada por el Ayuntamiento, previo abono de las tasas correspondientes.
La placa deberá instalarse en zona visible de la puerta de entrada o salida del inmueble, preferentemente en el lateral derecho o en su defecto, en la zona central superior de la fachada de la puerta. Excepcionalmente, en aquellos inmuebles con accesos de largo recorrido, se permitirá que se coloque en barra vertical.*

A) Horizontal: franja amarilla de longitud correspondiente al ancho de la entrada, pintada en el bordillo o en la calzada junto al bordillo.

No se permitirá en ningún caso colocar rampas ocupando la calzada.

En el supuesto de que el interesado necesite realizar alguna obra de adaptación del vado deberá pedir el correspondiente permiso de obra.

2.- Los gastos que ocasione la señalización descrita en el apartado anterior, así como las obras necesarias serán a cuenta del solicitante, que vendrá obligado a mantener la señalización tanto vertical como horizontal en las debidas condiciones durante todo el período de vigencia de la autorización.

Esta Alcaldía, en uso das atribucións que a Lei lle confire, propón á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Acceder á petición de don [REDACTED] DNI ***4888** **outorgando autorización de paso permanente de acceso á finca/inmovible da súa propiedade ubicada na rúa [REDACTED]** que figura co número 40, na parroquia e termo municipal de Valdoviño; **cunha reserva de 4 metros -AUTORIZACIÓN [REDACTED]** - debendo axustarse a autorización ó sinalado nos artigos 54, 55, 56, 57, 58 e 59 da Ordenanza municipal reguladora de vehículos, reproducidos parcialmente (arts. 54 e 55) na parte expositiva do acordo.

Segundo.- Aprobar a taxa segundo a ordenanza fiscal correspondente (a razón de 3,69 euros por metro/lineal) o que supón un importe de catorce euros e setenta e seis céntimos

(14,76€); cantidade que deberá ingresar previamente nas arcas municipais o solicitante, para que a autorización surta efecto.

Terceiro.- Notificar o presente acordo á Policía Local para os efectos oportunos, así como ó interesado para a súa debida constancia e recollida da autorización municipal.

/Documento que asina o sr. Alcalde na marxe esquerda do mesmo/”

Vista a proposta de Alcaldía que antecede, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión (4 dos seus 5 membros, acordou a súa aprobación.

3º.- EXPEDIENTES DA ÁREA DE URBANISMO.-

1.-PROPOSTA DE ALCALDÍA DE DESESTIMIENTO DE SOLICITUDE DE LICENZA DE OBRAS DE AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR:.

“Expte: 91/2022. Tedec: 2022/U022/000011

.- Expte. de obras 91/2022.- (representado por Pablo Feal Miragaya).-

Vista solicitude presentada o 26-05-2022 por Juan Pablo Feal Miragaya, en representación de Juan Antonio Bouza Fernández, de ampliación de vivenda unifamiliar sita na n° parroquia de Valdoviño, correspondendolle n° de referencia catastral 90889922NJ6298N0001WM.

Visto escrito presentado polo promotor Juan Antonio Bouza Fernández o 20-10-2022 (n° de rexistro de entrada 20220000003285), no que solicita o desestimiento da súa solicitude de licenza para levar a cabo as obras de ampliación de vivenda unifamiliar antedita, e polo tanto, de continuar coa tramitación do expediente de obras n° 91/2022, que se incoou ao efecto.

Consta no expediente folla de valoración de taxas pola tramitación do expediente de obras 91/2023.

Considerando o disposto no artigo 84 e artigo 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común, en relación ao desestimiento da solicitude

E visto o disposto no **artigo 26.1 e 103.1** do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, relativos á liquidación da taxa e do ICIO, respectivamente, esta ALCALDÍA, propón a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes **ACORDOS:**

Primeiro.- Aceptar a petición formulada por o 20 de outubro de 2022, n° de rex. de entrada 20220000003285, de desestimiento da solicitude de licenza de obras tramitación do expediente de obras 91/2022.

Segundo.- Declarar concluso o procedemento de tramitación da licenza de obra para ampliación de vivenda unifamiliar 90889922NJ6298N0001WM, N° 91/2022.

Terceiro.- Aprobar a liquidación das taxas correspondente segundo folla de valoración que consta no expediente: 656,15€.

Cuarto.- Notificar o presente acordo ao interesado, dando traslado dos recursos que proceda interpoñer.

Quinto.- Dar traslado do presente acordo ao departamento de Urbanismo para o seu trámite; así coma aos servizos económicos para os efectos oportunos

/ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO ALCALDE DON ALBERTO GONZALEZ FERNANDEZ NA DATA INDICADA Á MARXE/”

Vista a proposta de Alcaldía que antecede, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión (4 dos seus 5 membros, acordou a súa aprobación.

2.- PROPOSTA DE ALCALDÍA DE LICENZA DE OBRA:

“Expte: 133/2022. Tedec: 2022/U026/000127

.- Expte. de obras 133/2022.- [REDACTED] - Para as obras de **sustitución de cuberta a vivienda tradicional**, situada no **Lugar de [REDACTED] Valdoviño** (referencia catastral n.º 001201700NJ62F0001AO).

Achegase xunto á solicitude, a seguinte documentación técnica:

- Proxecto básico e de execución de substitución de cuberta en vivenda unifamiliar illada, redactado pola arquitecta María Elena Martínez Lema, colexiada núm. 12.401 no COAG, visada o día 16.06.2022 e achegada ao expediente o día 04.10.2022 (núm. rex. 202299900001523).
- Anexo ao proxecto anterior, redactado pola mesma técnica e achegada ao expediente o día 22.11.2022 (núm. rex. 202299900001776).
- Nomeamento de técnica directora das obras asinado por María Elena Martínez Lema.

As obras que se proxectan, consisten segundo a documentación técnica presentada en: . Substitución da cuberta actual dunha vivenda tradicional (segundo datos catastrais o ano de construción é 1958), formada por planchas de fibrocemento apoiadas nunha estrutura de madeira, por novo material de cubrición formado por paneis "thermochip" (tableiro de cartón-xeso no interior, illamento intermedio e tableiro aglomerado hidrófugo no exterior) sobre nova estrutura de perfis metálicos apoiados sobre os muros de cachotería, rematada con tella cerámica curva. Producirase lixeiros incrementos de altura da cuberta existente debido ao cambio estrutural, así como modificación dunha parte da mesma (zona sur-leste), pasando dunha configuración de 2 augas a 3.

Segundo as Normas Subsidiarias de Ordenación Municipal (en adiante NNSSPP), en vigor neste Concello, a parcela na que se proxecta a obra atopase situada en solo clasificado e calificado, como **solo urbano zona residencial extensiva (núcleo rural tradicional clasificado como urbano)**.

Considerando o informe do arquitecto técnico municipal de data 20/12/2022 no que conclúe que estas obras en relación coa citada normativa, resultan conformes, debendo

fixarse para a súa execución as normas que se reflicten no anexo nº1 do informe e, polo tanto, se informa a solicitude realizada como FAVORABLE

Esta ALCALDÍA en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Conceder a [REDACTED] a **licenza municipal de obras de substitución de cuberta en vivenda tradicional**, situada no [REDACTED] (referencia catastral n.º 001201700NJ62F0001AO).

Licenza que se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Segundo.- As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada pola arquitecta Maria Elena Martínez Lema e as condicións sinaladas no informe do arquitecto técnico municipal (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 20 de decembro de 2022, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

Terceiro.- Aprobar a liquidación provisional das obras, segundo o seguinte desglose: Taxas 243,04 €. ICIO.- 1118,00€.

Cuarto.- Aprobar o prazo o inicio e remate da execución das obras, que non poderá exceder dos 3 meses e 1 ano, respectivamente.

Quinto.- Notifíquese o presente acordo aos interesados e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite, así coma aos servizos económicos para os efectos oportunos.

/ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO ALCALDE DON ALBERTO GONZALEZ FERNANDEZ NA DATA INDICADA Á MARXE/

Vista a proposta de Alcaldía que antecede, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión (4 dos seus 5 membros, acordou a súa aprobación.

3.- PROPOSTA DE ALCALDÍA DE LICENZA DE OBRA MAIOR;

“Expte: 153/2022. Tedec: 2022/U022/000016

.- Expte. de obras 153/2022.- [REDACTED] y [REDACTED] (representado por Ignacio José Pita Graña).- Para as obras de **construcción de vivenda unifamiliar** aillada ,movimentos de terra e peches de parcela, situada no **Lugar A** [REDACTED] (referencia catastral n.º 15088A034005860000HP).

Achegase xunto á solicitude:

- Proxecto de vivenda unifamiliar achegado o 04/08/2022 e redactado polo arquitecto Ignacio José Pita Graña.
- Proxecto Básico e de Execución de vivenda unifamiliar (que substitúe ao anterior), redactado polo mesmo técnico, visado o 09/12/2022 e achegado o 09/12/2022.

- Oficio de Dirección de obra de arquitecto a nome de Ignacio José Pita Graña, visado o 09/12/2022 e achegado o 09/12/2022 e oficio de Dirección de execución da obra de arquitecto técnico e Coordinador de seguridade e saúde a nome de Juan Filgueiras Peña, achegado o 04/08/2022.

Segundo as Normas Subsidiarias de Ordenación Municipal (en adiante NNSSPP), en vigor neste Concello, a parcela na que se proxecta a obra atopase situada en solo clasificado e calificado, como S.N.U. DE NÚCLEO RURAL TRADICIONAL. ZONA DE EDIFICACIÓN RESIDENCIAL AISLADA.

Considerando o informe do arquitecto municipal de data 28/02/2023 no que conclúe que o proxecto de construción de vivanda unifamiliar aillada, movementos de terra e peches de parcela é viable segundo a normativa en vigor e, polo tanto, se informa a solicitude realizada como FAVORABLE

E Visto informe xurídico da Secretaria municipal de data 02/03/2023 en sentido FAVORABLE.

Esta ALCALDÍA en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Conceder a [REDACTED] y [REDACTED] (representado por Ignacio José Pita Graña) a **licenza municipal de obras de construción de vivanda unifamiliar aillada** (inclúe movementos de terra e peches de parcela), situada no Lugar [REDACTED] (referencia catastral n.º 15088A034005860000HP). **A licenza queda condicionada á execución das obras necesarias para completar a conexión coas redes de servizos existentes no núcleo rural ou nas súas proximidades, e de non existir a resolvelas por medios individuais, tamén ao seu cargo, comprometendose a dita conexión cando se implanten os servizos.**

Licenza que se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Segundo.- As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto Ignacio José Pita Graña.e as condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 28 de febreiro de 2023, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

Terceiro.- Aprobar a liquidación provisional das obras, segundo o seguinte desglose: Taxas 1631,52 €. ICIO.- 7.504,99€.

Cuarto.- Aprobar o prazo de execución das obras, que se estima en 36 meses.

Quinto.- Notifíquese o presente acordo aos interesados e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite, así coma aos servizos económicos para os efectos oportunos.

/ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO ALCALDE DON ALBERTO GONZALEZ FERNANDEZ NA DATA INDICADA Á MARXE/”

Vista a proposta de Alcaldía que antecede, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión (4 dos seus 5 membros, acordou a súa aprobación.

4.- PARTICIPACION NA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS A CONCELLOS: ARTE PÚBLICA URBANA.-

Vistas as Bases reguladoras do programa de subvencións a Concellos para realizar eventos de Arte Pública Urbana na modalidade de pintura mural durante o ano 2023 publicadas no BOP núm 23 do 2 de febreiro e visto o extracto da Resolución núm. 4385/2023 con data do 6 de febreiro, da Presidencia da Deputación da Coruña, pola que se aproba a convocatoria do programa de subvencións dirixido a concellos para realizar eventos de arte pública urbana na modalidade de pintura mural durante o ano 2023 publicada no BOP núm. 29 de 10 de febreiro de 2023

PROPONSE

Participar en dita convocatoria e aceptar as condicións e requisitos establecidos nas bases. Non obstante, a Xunta de Goberno Local acordará o que estime pertinente.

Valdoviño, 7 de febreiro de 2023.

O alcalde:

Asdo.: D. Alberto González Fernández.

Vista a proposta de Alcaldía que antecede, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión (4 dos seus 5 membros, acordou a súa aprobación.

5º.- SOLICITUDE DE LICENZA PARA A TENENCIA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS, INSTADA POR EVA MARÍA JIMÉNEZ RUÍZ.-

Proposta de Alcaldía:

“Expte. 2023/R002/000003

Vista a instancia de dona Eva María Jiménez Ruiz, formulada en data 28 de febreiro de 2023, rexistro xeral de entrada núm. 20230000000639 pola que solicita que se lle conceda licenza municipal para a tenza de animais potencialmente perigosos, e examinada a documentación que adxunta á mesma, así coma comprobado o padrón municipal de habitantes, no que aparece inscrito.

Tendo en conta pois, que a solicitante, atópase empadroada neste concello, e que se aporta toda a documentación requirida na normativa que regula a tenza de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia, que consta no expediente da súa razón.

Esta ALCALDÍA en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de Goberno local, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Conceder licenza para a tenza de animais potencialmente perigosos a dona EVA MARÍA JIMÉNEZ RUIZ cunha validez de CINCO ANOS dende a data da notificación, debendo ser renovada ao remate de cada período de validez, previa xustificación de que se seguen cumprindo os requisitos que se esixiron a interesada como documento acreditativo desta concesión.

Segundo.- O animal deberá ser identificado cun “microchip”, susceptible de ser lido mediante un equipo lector específico para poder ter localizado ao animal en todo momento.

Terceiro.- Notificar o presente acordo á interesada para o seu coñecemento e efectos oportunos. Coa notificación entregaráselle un dorso ao interesado, onde constan as obrigas que deben de cumprir os titulares da licenza; e realizar os demais trámites precisos derivados do acordo.

ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO SR. ALCALDE NA DATA INDICADA O MARXE”

Vista a proposta de Alcaldía que antecede, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión (4 dos seus 5 membros, acordou a súa aprobación.

6º.- EXPEDIENTE CONTRATACIÓN OBRA: PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN OBRAS EN FACHADA E CARPINTERÍAS EN CENTRO DE SAÚDE DE VALDOVIÑO.-

Expte para resolución contrato: 2023/C008/000003

Expte. Contratación: 2021/C003/000006

Tipo contrato: Obra

Procedemento: Aberto, único criterio de adxudicación, factor prezo.

Denominación: Proxecto básico e de execución obras en fachada e carpinterías en Centro de Saúde en Valdoviño.

Importe proxecto: Importe 247.319,70€

IVE.- 42.923,25€

Importe sen IVE.- 204.396,45€

Adxudicación por decreto Alcaldía nº 635/2021 (avocación de delegación efectuada na Xunta de Goberno local para este trámite).

Adxudicatario.- A15352735 “EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A”.

Importe adxudicación.- 204.396,45€

IVE.- 42.923,25€

Total.- 247.319,70€

Garantía definitiva.- 10.219,82€ (AFIGAL)

Formalización contrato.- 28.10.21

Prazo execución.- Ata o 31.12.21

Acta replanteo.- 12.11.21

Solicitude ampliación prazo de 4 meses por problemas desabastecemento, concedida por acordo Xunta Goberno Local de 10.02.22

Escrito Director de obra, comunicando non comezo obra

Requerimento a contratista para que execute a obra.

Escrito revisión prezos; denegada por acordo de Xunta de goberno local en sesión de 21.07.22, en base a informe de secretaría e de intervención municipal.

Visto o incumprimento do contrato da citada obra,

A Xunta de Goberno Local en sesión de 16.02.23, acorda solicitar do director de obra José Antonio Alonso Rodríguez, COAG N° 1050 informe da situación da obra e pronunciamento se procede a resolución do contrato.

Emitese informe polo Director de obra que presenta en data 22.02.23 (registro entrada 202399900000298), no que indica o criterio de que procede a resolución do contrato por parte da Administración ao incidir dúas causas, recollidas no artigo 211.1 apartados f) e d) da Lei 9/2017 (LCSP):

.- Incumprimento da obriga principal do contrato.

.- Demora no cumprimento dos prazos sen xustificación por parte do contratista, e por superar nun prazo superior a 1/3 do tempo de duración inicial do contrato.

A Xunta de Goberno en sesión do 2.03.23 toma razón do informe e acorda solicitar informe xurídico relativo á resolución do contrato pola Administración, e emitese informe xurídico pola secretaria municipal que asina o 7.03.23.

Esta Alcaldía, PROPON á Xunta de Goberno Local, adoptar os seguintes ACORDOS, unha vez tomada razón dos informes técnico de 22.02.23 e xurídico de 08.03.23 así coma dos demais antecedentes que conforman o expediente:

Primeiro.- Incoar procedemento para acordar a resolución do contrato de obras referido.

Segundo.- Dar audiencia ao contratista polo prazo de 10 días naturais por terse iniciado o procedemento por oficio; e audiencia polo mesmo prazo ao avalista ou asegurador (si se propón a incautación da garantía).

Terceiro.- Formuladas posibles alegacións, emitase certificado da secretaría municipal das alegacións presentadas e dése traslado aos servizos técnicos e xurídicos para que informen sobre as mesmas.

Cuarto.- No caso de que o contratista formule oposición, requírase Ditame do Consello do Estado ou Órgano Consultivo equivalente da Comunidade Autónoma.

Quinto.- Cos informes anteriores (técnico e xurídico) trasládese a esta Alcaldía proposta para a resolución.

/Documento asinado polo sr. Alcalde/

Vista a proposta de Alcaldía que antecede, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión (4 dos seus 5 membros, acordou a súa aprobación.

7º.-APROBACIÓN EXPEDIENTE CONTRATO (MENOR) E ADJUDICACIÓN PARA A EXECUCIÓN DA 2ª FASE DO PROXECTO VALDOVIÑO, CONCELLO CARDIOPROTEXIDO.-

INFORME DE NECESIDADE E PROPOSTA DE ALCALDÍA PRESIDENCIA:

“O Proxecto Valdoviño, Concello Cardioprotexido xurde como unha iniciativa de carácter sanitario co obxecto de prover a cidadanía de coñecementos e equipos necesarios para responder de maneira eficaz ante unha parada cardíaca.

Na 1ª Fase do Proxecto Valdoviño, Concello Cardioprotexido executada no ano 2022 foron instalados 8 Pack espacio cardioprotexido no Concello de Valdoviño: no interior da Casa do Concello sita na Avenida Porta do Sol n.º 25, nas instalacións da piscina municipal no Lugar de A Torre n.º 7, no campo de fútbol sito na Rúa Julio Aneiros n.º 31, a Casa da Cultura na Avenida Gándara de Abaixo n.º 30, no Lugar de Padín n.º 8 da parroquia de Meirás onde se atopa o Pavillón municipal, o Centro Social de Vilaboa sito no Lugar de Pena do Boi n.º 2, así como as casetas de socorrismo nas praias do Río de Meirás e Vilarrube. Outros 2 Pack espacio cardioprotexido foron instalados nas unidades móbiles e vehículos da Policía Local e Garda Civil asentada no Concello de Valdoviño.

De igual xeito, nesta 1ª Fase do Proxecto Valdoviño, Concello Cardioprotexido foron impartidos cursos de formación presencial e inicial en soporte vital básico e manexo do DESA de 5 horas para 24 persoas que adquiriron os coñecementos e destrezas necesarias para poder realizar a primeira atención ante unha parada cardíaca.

Así as cousas, o Concello de Valdoviño reafirma o compromiso municipal coa saúde, a responsabilidade de estar preparados en caso de emerxencia e aumentar a compromiso social.

Vista a necesidade de executar a 2ª Fase do Proxecto Valdoviño, Concello Cardioprotexido, Ana María Pérez Fernández, Concelleira corresponsable da área de Servizos Sociais e Sanidade do Concello de Valdoviño, emitiu proposta de gasto para a adquisición de 10 de puntos de rescate de instalación fixa que inclúen desfibrilador CU MEDICAL CU-SP1, vitrina AIVIA 100, sinalética, cartelería, Kit reanimación, parche extra adulto/pediátrico, mantemento anual e placa ou distintivo de espacio cardioprotexido por un importe de 16.206,74 € (IVE engadido) e a correspondente formación regrada inicial en Soporte Vital Básico e manexo do desfibrilador por importe de 1.350,00 € (Exento de IVE según a Lei 37/1992).

En cumprimento do establecido no artigo 118.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, na súa redacción dada polo Real Decreto Lei 3/2020, do 4 de febreiro, esta Alcaldía emite o seguinte INFORME PROPOSTA para xustificar os seguintes extremos:

O Concello de Valdoviño ten a necesidade de adquirir 10 de puntos de rescate de instalación fixa que inclúen desfibrilador CU MEDICAL CU-SP1, vitrina AIVIA 100, sinalética, cartelería, Kit reanimación, parche extra adulto/pediátrico, mantemento anual e placa ou distintivo de espacio cardioprotexido para executar a 2ª Fase do Proxecto Valdoviño, Concello Cardioprotexido e facilitar o acceso da cidadanía aos puntos de rescate que se instalan en puntos estratéxicos con tempo de acceso en torno a 5 minutos, tempo máximo de actuación que concede a cadea de supervivencia.

A contratación proxectada pretende satisfacer a necesidade de subministrar ao Concello de Valdoviño 10 Pack espacio cardioprotexido que serán instalados no Punto de Atención á Infancia sito no Paseo de A Lagoa n.º 23, a Escola Unitaria asentada no Lugar de Taraza n.º 221, a Escola Unitaria de Sequeiro sita no Lugar de A Carreira n.º 31, na Avenida Gándara de Abaixo n.º 28 o Centro Sociocomunitario, o Centro de náutica As Forcadas en A Braxe n.º 18, Escola Unitaria de Vilarrube sito no Lugar de Adro n.º 9 e o Centro Social de Loira sito no Lugar de Martices. Así como nas casetas de socorrismo e/ou inmediateiros das Praias de O Baleo, Praia de Campelo e a Praia de Outeiro na parroquia de Lago.

O orzamento para a adquisición dos 10 de puntos de rescate de instalación fixa que inclúen desfibrilador CU MEDICAL CU-SP1, vitrina AIVIA 100, sinalética, cartelería, Kit reanimación, parche extra adulto/pediátrico, mantemento anual e placa ou distintivo de espacio cardioprotexido, ascende a 13.394,00 € (IVE excluído) e 1.350,00 € pola formación regrada inicial en Soporte Vital Básico e manexo do desfibrilador (Importe exento de IVE según a Lei 37/1992).

Polo tanto, ao ser o seu valor estimado inferior a 15.000,00 €, o contrato menor, dada a natureza do suministro, esta Alcaldía estima máis adecuado que a utilización de calquera outros dos previstos na vixente Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014.

A contratación que se pretende non altera o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos principios da contratación pública nos umbrais establecidos.

Queda acreditada a existencia de crédito pois consta na contabilidade do orzamento de gastos municipais a retención de crédito número 220230000103 por importe de 16.206,74 € con cargo á aplicación orzamentaria 231.62500 e retención de crédito número 220230000104 por importe de 1.633,50 € referida á formación regrada inicial en Soporte Vital Básico e manexo do desfibrilador ao abeiro da 2ª Fase do Proxecto Valdoviño, Concello Cardioprotexido, con cargo á aplicación orzamentaria 130.22799 por importe de 1.633,50 €.

Conforme o enunciado no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, así como o disposto no artigo 118 en relación ca Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público tendo en consideración o establecido no Decreto 229/2019, esta Alcaldía **PROPÓN** a adopción do seguinte acordo;

Primeiro.- Aprobar a 2ª Fase do Proxecto Valdoviño, Concello Cardioprotexido e autorizar o correspondente gasto por importe total de 14.744,00 € (IVE excluído) para a

adquisición de 10 de puntos de rescate de instalación fixa e a impartición de formación regrada inicial en Soporte Vital Básico e manexo do desfibrilador.

Segundo.- Adxudicar o contrato menor a ANEKS3 S.L. con C.I.F. núm. B85649903 por importe total de 14.744,00 € (IVE excluído) pois 13.394,00 € corresponde á adquisición de 10 de puntos de rescate de instalación fixa que inclúen desfibrilador CU MEDICAL CU-SP1, vitrina AIVIA 100, sinalética, cartelería, Kit reanimación, parche extra adulto/pediátrico, mantemento anual e placa ou distintivo de espacio cardioprotexido e 1.350,00 € se refiren a impartición de formación regrada inicial en Soporte Vital Básico e manexo do desfibrilador, actividade exenta de IVE según a Lei 37/1992, do 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido.

Terceiro.- Recoñecer a obriga a favor de ANEKS3 S.L. con C.I.F. núm. B85649903 por importe de 13.394,00 € (IVE excluído) con cargo á aplicación orzamentaria 231.62500 (retención de crédito número 220230000103) e 1.350,00 € (Exento de IVE) con cargo á aplicación orzamentaria 130.22799 (retención de crédito número 220230000104) correspondentes á adquisición de 10 de puntos de rescate de instalación fixa e formación regrada inicial en Soporte Vital Básico e manexo do desfibrilador, respectivamente.

Cuarto.- Dar traslado deste acordo á Intervención municipal e a Tesourería municipal aos efectos oportunos.

Documento asinado electrónicamente polo Alcalde, Alberto González Fernández na data indicada a marxe”.

Vista a proposta de Alcaldía que antecede, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión (4 dos seus 5 membros, acordou a súa aprobación.

FÓRA DA ORDE DO DIA

Tendo concluído o expediente de sinalización viaria para proceder á súa adxudicación, investimento do POS+2022, e urxindo a súa adxudicación e prestación do subministro, o sr. alcalde presenta por vía de urxenza dito asunto, que queda ratificado por unanimidade da Xunta de Goberno Local e por ende a súa inclusión na Orde do Día desta sesión.

.- EXPEDIENTE CONTRATACIÓN: SUBMINISTRO DE CARTELERÍA DE SEÑALIZACIÓN VIARIA. SEÑALIZACIÓN DE CALLES, RUEIROS, LUGARES E PARROQUIAS.-

Expediente 2022/C005/000001

Asunto: Adxudicación

Visto o expediente de contratación citado e os seguintes antecedentes:

*.-Mediante acordo de órgano de contratación na sesión do 10 de novembro de 2022, visto o expediente tramitado cos actos preparatorios, acordouse aprobar o expediente de contratación do subministro antedito; investimento incluído no Plan Provincial de Cooperación ás obras e Servizos da Deputación Provincial do 2022. Aprobábase mediante procedemento aberto, cun único criterio de valoración factor prezo, cun orzamento de licitación de 42.916,28 € IVE incluído (35.468,00€ sen IVE e 7.448,28€ de IVE); cun prazo de execución de 2 meses.

*.- Publicouse anuncio na Plataforma de Contratos do Estado o 14.11.22, e rematado o prazo de presentación de proposicións a Mesa de Contratación en sesión de 12.01.23 apertura os sobres A e cualifica a documentación administrativa, admitindo a todas as empresas, que son as seguintes:

NIF: A78015880 API MOVILIDAD S.A.

NIF: B01700848 EUROSEÑAL

NIF: B-15139504 MANUEL VAZQUEZ PEREZ S.L.

NIF: B59720987 PROSEÑAL, S.L.U. NIF: B19226364 PROYECTOS INTEGRALES DE BALIZAMIENTOS, S.L.

NIF: A42004598 SEÑALIZACIONES VILLAR, S.A.

*.-En sesión de 16.01.23, a Mesa de contratación apertura os sobres B de oferta económica, resultando tal como consta na acta da sesión:

“

...

1.- Apertura criterios evaluables automáticamente: 2022/C005/000001 - Señalización de calles, rúas, lugares y parroquias.

Procedese a abrir os sobres “B” dos licitadores, todos eles admitidos:

NIF: A78015880 API MOVILIDAD S.A.

NIF: B01700848 EUROSEÑAL

NIF: B-15139504 MANUEL VAZQUEZ PEREZ S.L.

NIF: B59720987 PROSEÑAL, S.L.U.

NIF: B19226364 PROYECTOS INTEGRALES DE BALIZAMIENTOS, S.L.

NIF: A42004598 SEÑALIZACIONES VILLAR, S.A.

Comprobase que a presentación da oferta económica concorde co Anexo modelo de oferta indicado nos pregos de cláusulas administrativas particulares, concordando todas as ofertas.

NIF: A78015880 API MOVILIDAD S.A.

Oferta o prezo de: Trinta e cinco mil novecentos noventa e oito euros con dezaioito céntimos (35.998,18€), IVE incluído.

NIF: B01700848 EUROSEÑAL

Oferta o prezo de: 32.224,04€

IVE (21%): 6.767,05€

Total Iva incluído: 38.991,09€

NIF: B-15139504 MANUEL VAZQUEZ PEREZ S.L.

Oferta o prezo de:

Base imponible: Vinte e sete mil trescentos euros (27.300,00€)

IVE (21%): Cinco mil setecentos trinta e tres euros (5.733,00€)

Total: Trinta e tres mil trinta e tres euros (33.033,00€)

NIF: B59720987 PROSEÑAL, S.L.U.

33.860,00€ (Trinta e tres mil oitocentos sesenta euros) IVE excluído

IVE: 7.110,60€
40.970,60€ (Corenta mil novecentos setenta euros con sesenta céntimos) IVE incluído.

NIF: B19226364 PROYECTOS INTEGRALES DE BALIZAMIENTOS, S.L.
Oferta o prezo de: 25.923,09€ (Prezo sen IVE)
Vinte e cinco mil novecentos vinte e tres con nove euros (Prezo sen IVE)

NIF: A42004598 SEÑALIZACIONES VILLAR, S.A.
Oferta o prezo de:
Corenta mil cincuenta e oito euros con noventa e nove céntimos 40.058,99E IVE incluído
(33.106,60€ + 21% IVE 6.952,39€).

2.- Valoración criterios evaluables automáticamente: 2022/C005/000001 - Señalización de calles, rúeiros, lugares y parroquias.

De conformidade co recollido no punto 13.2 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a presente contratación, faise a valoración económica co Programa de ofertas económicas da Deputación da Coruña, acordando tomar coma referencia o prezo sen IVE: 35.468,00€; e tendo en conta 100% coma factor prezo.
Calculase o importe sen IVE de API movilidad.- 29.750,56
Calculase o importe de Proyectos Integrales de Balizamientos con IVE.- 31.366,94

Éste Programa valora as proposicións do seguinte xeito:

NIF: A78015880 API MOVILIDAD S.A.:
Valor introducido por el licitador: 29.750,56€. Baixa (%) 16,12. Puntuación: 72,82

NIF: B01700848 EUROSEÑAL:
Valor introducido por el licitador: 32224,04€ Baixa (%). 9,15 Puntuación: 42,70

NIF: B-15139504 MANUEL VAZQUEZ PEREZ S.L.:
Valor introducido por el licitador: 27300,00€. Baixa (%) 23,03.- TEMERARIA.
Puntuación: 90,23

NIF: B59720987 PROSEÑAL, S.L.U.:
Valor introducido por el licitador: 33860,00. Baixa (%) 4,53 Puntuación: 21,14

NIF: B19226364 PROYECTOS INTEGRALES DE BALIZAMIENTOS, S.L.:
Valor introducido por el licitador: 25923,09€. Baixa (%) 26,91.- TEMERARIA.
Puntuación: 100

NIF: A42004598 SEÑALIZACIONES VILLAR, S.A.:
Valor introducido por el licitador: 33106,60. Baixa (%) 6,66 Puntuación: 31,08.

Observado que dúas empresas incurren en presunción de anormalidade, e que no prego de cláusulas que rexen a contratación non se especifican os parámetros para xustificar a anormalidad da oferta; pola secretaria municipal en calidade de asesora xurídica da Mesa faise constar que efectuou consulta xurídica ao respecto, indicando que debe procederse seguindo o procedemento de adxudicación coa empresa que ofertou co menor prezo (Proyectos Integrales de Balizamientos S.L.); por ser o prezo o único factor de

adxudicación neste procedemento; engadindo que non procede pedir a información e documentos de xustificación da baixa ao non ter definido o xeito de xustificala nos pregos.

A Mesa de Contratación, por unanimidade dos membros presentes **ACORDA:**

1º.- Elevar o actuado pola Mesa de Contratación ao órgano de contratación, así como o resultado da valoración efectuado.

2º.- En base ao asesoramento feito á Mesa de Contratación pola secretaria municipal en calidade de asesora xurídica deste Órgano segundo se dispón na Disposición Adicional Segunda da LCSP, que no seu punto 7 di:

7. La Mesa de Contratación estará presidida y formarán parte de ella como vocales, el Secretario, titular del órgano que tenga atribuida la función de asesoramiento jurídico... “

FORMULAR PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN a favor da empresa máis vantaxosa economicamente:

NIF: B19226364 PROYECTOS INTEGRALES DE BALIZAMIENTOS, S.L.; entendida dita adxudicación supeditada ao estipulado nos puntos 14 do prego de cláusulas administrativas particulares.

...”

*.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 2.02.23, Acordou:

PRIMEIRO.- Tomar en consideracións o actuado ata este intre no expediente, e conforme ao proposta pola Mesa de Contratación e co punto 14 do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación do subministro, REQUERIR ao licitador proposto coma adxudicatario NIF: B19226364 PROYECTOS INTEGRALES DE BALIZAMIENTOS, S.L.; por ter presentada a mellor oferta, para que dentro do prazo de 10 DIAS HÁBILES, a contar dende o seguinte a áquel no que houberse recibido o requerimento, presente, con sinatura electrónica a documentación específica neste punto 14 do prego (14.1 e 14.3).

SEGUNDO.- De conformidade co punto 14.4 de non cumprimentarse adecuadamente o requerimento efectuado no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose neste caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas en puntuación.

TERCEIRO.- Notifíquese o acordo aos licitadores para o seu coñecemento”.

*.- En rexistro entrada 14.02.23 20239990000241 “PROYECTOS INTEGRALES DE BALIZAMIENTOS, S.L.” presenta documentación previa a adxudicación que así coma acredita constituir a garantía definitiva por importe de 1.296,15€ e complementa documentación para aclaracións o 2.03.23.

*.- Constan aportados no expediente certificados de non débedas con esta Entidade Local (informe da tesoureiría municipal e da Deputación Provincial da Coruña).

*.- Consta incorporado informe de fiscalización da interventora municipal de expediente en data 08.03.23 (Informe nº EMP 22/2023).

En base ao exposto, esta Alcaldía en uso das atribucións conferidas por Lei e vista delegación efectuada á Xunta de Goberno Local, PROPONLLE adoptar os seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO.- ADXUDICAR á empresa **IF: B19226364 PROYECTOS INTEGRALES DE BALIZAMIENTOS, S.L.** o contrato de **SUBMINISTRO DE CARTELERÍA DE SEÑALIZACIÓN VIARIA. SEÑALIZACIÓN DE CALLES, RUEIROS, LUGARES E PARROQUIAS.**, ao presentar a mellor oferta (factor prezo único criterio de adxudicación) e reunir as condicións fixadas nos pregos e con amaño ao prego de cláusulas administrativas e prego de prescripcións técnicas así coma a súa oferta.

SEGUNDO.- Importe do contrato, desglosado:

.- Importe total.- 31.366,94 euros.

IVE.- (21%).- 5.443,85 euros.

Importe sen IVE.- 25.923,09 euros.

O prazo de entrega do subministro, conforme se fixa no Anexo 1 do cadro de características do contrato e no prego de prescripcións técnicas será de DOUS MESES e segundo se especifica no punto 4.- Prazos de entrega do prego de prescripcións técnicas; e no punto 5.- Duración do contrato e garantía.

TERCEIRO.- Aprobar o correspondente gasto, dispoñendo con cargo á aplicación orzamentaria 45362500.

CUARTO.- Dispoñer a publicación do acordo de adxudicación no perfil do contratante da entidade local.

QUINTO.- Comunicar ao adxudicatario que a formalización do contrato efectuarase non máis tarde dos 15 DIAS HÁBILES seguintes ao que se realice a notificación aos licitadores, na data que sinala a administración e coas repercusións sinaladas no artigo 15 do prego de cláusulas administrativas.

SEXTO.- Conforme á cláusula 18 do prego.- Responsable do contrato, corresponde á alcaldía como responsable do contrato, supervisar a execución do mesmo e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias para a correcta realización da prestación pactada.

SÉTIMO.- Notificar o presente acordo de adxudicación aos licitadores.

/Documento asinado na marxe polo sr. Alcalde/”

Vista a proposta de Alcaldía que antecede, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión (4 dos seus 5 membros, acordou a súa aprobación.

8º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás nove horas e cincuenta e cinco minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/